

ACTA DA SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE FERROL

Procedemento	Procedemento aberto harmonizado/pluralidade de criterios/tramitación ordinaria	
Obxecto	Servizo de mantemento de aparatos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol	
Número expediente	AVH 03008 20/06	Cívidas 2018025369
Lugar:	Sala de Comisións do Concello de Ferrol	
Data	22 de febreiro de 2021	
Hora de inicio	11:20:00	
Hora remate	11:54:00	
Asistentes sen voto	Don Alberto Castro Rascado, enxeñeiro municipal.	
	Dona Martina Aneiros Barros, representante do grupo municipal PP (mediante videoconferencia na aplicación GOOGLE MEET).	

Presidente:

Don Julián Reina Villalón, concelleiro delegado da área de Urbanismo e Infraestruturas, Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación, Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna.

Vocais:

Dona Ana Elisa Quindós Lindín, xefa de servizo de Contratación; don Leopoldo Moure García, secretario xeral; don Luis Ramón Vázquez Parga, viceinterventor, en substitución da interventora municipal (en virtude de resolución de Alcaldía-Presidencia de data 30/10/2020); dona Ana Lamas Villar, concelleira delegada da área propoñente do contrato (Servizos) e dona Milagros Puig Mosquera, xefa de sección, en substitución da xefa do servizo propoñente do contrato (Servizos).

Secretario/a

Dona Flor Maceiras Pérez, xefa de negociado do servizo de Contratación.

A Presidencia da por iniciado o acto.

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior celebrada o día 01/02/2021:

Se aproba co voto favorable de tódolos vocais asistentes.

2º.- Xustificación de Oferta Anormalmente Baixa para o expediente AVH 03008 20/06 “Servizo de mantemento de aparatos elevadores e portas automáticas e motorizadas do Concello de Ferrol”.

Cumprimentado na sesión anterior o trámite de identificación das baixas temerarias, nos termos recollidos en acta, nas que incorren as empresas CUME24, SL; ORONA, S. COOP. e THYSSENKRUPP ELEVADORES, SLU; deuse conta das comunicacións cursadas ás referidas

empresas para xustificar o seu prezo temerario. As empresas, no prazo concedido, presentaron na PLACSP documentación aos efectos requiridos; documentación que se remitiu a revisión e informe técnico.

A continuación; deuse conta do informe técnico emitido, en data 16/02/2021, polo enxeñeiro municipal, no que consta o seguinte:

“INFORME

En relación coa xustificación da baixa realizada polas empresas no procedemento de contratación do mantemento dos aparellos elevadores, infórmase:

1. Analizouse, en primeiro lugar, a documentación presentada pola empresa THYSSENKRUPP, S.A, puidéndose informar o seguinte:
 1. Basea a súa xustificación na experiencia acumulada nos anos de prestación do contrato (a empresa é a mantenedora das instalacións dende 2010), que lles permite, por unha banda, optimizar o estudo de custes, derivado do coñecemento das instalacións, e, por outra, contar coa capacitación técnica precisa para levar a cabo o mantemento dun parque de aparellos de diferentes orixes como o do Concello. Deste xeito se evitan posibles asistencias técnicas dos fabricantes dos equipos (moi custosas) para resolver problemas concretos.
 2. Contan en plantilla con persoal suficiente para atender as instalacións, sen que se deban afrontar procesos de contratación de persoal. Ademais contan cun almacén de materiais de reposto axeitado para o contrato.
 3. Dispoñen dun call center propio, o que tamén contribúe a xustificar os aforros obtidos.
 4. Contan ademais con delegación na cidade dende a que se realiza a prestación, o que minimiza os custes de desprazamentos.
 5. Presenta declaración segundo a que se respectan os dereitos laborais dos traballadores.
 6. Presenta estudo de xustificación económica da oferta realizada.
2. A análise da documentación presentada pola empresa ORONA pode resumirse do seguinte xeito:
 1. Importancia da empresa no sector, ao ser fabricante e mantedor de aparellos, con fábricas en todo o mundo.
 2. Presencia en Galicia a través de 5 delegacións (a delegación máis próxima con respecto a Ferrol a sitúa en A Coruña). Na comunidade mantén varios contratos como o que se contrata, e a nivel estatal, aínda máis.
 3. Experiencia da empresa no mantemento de aparellos doutras marcas (un 30% aproximadamente de 200.000 instalacións totais). Conta con manuais de conservación con máis de 8.000 referencias de compoñentes multimarca orixinais.
 4. Aforro de custes en compoñentes e materiais por economías de escala, o que lle permite reducir os custes de mantemento.
 5. Dispón de call center propio, o que redonda, tamén nunha redución destes custes.
 6. Dispón dun equipo técnico propio e especializado e ferramentas específicas de xestión das instalacións, algunhas online, que lles permite tamén reducir os custes.
 7. Presenta a xustificación económica do servizo que se plantea.
3. Por último, a empresa CUME24, presenta os seguintes argumentos resumidos:
 1. Trátase dunha empresa de ámbito local/provincial, con algúns contratos con entidades locais, citando os de Sobrado dos Monxes, Boimorto e Carballo. Non se considera que supoña unha vantaxe que poda redundar en aforros nos custes dos servizos. A pequena entidade que poda ter a empresa pode diminuír dalgún xeito os custes de estrutura, pero pode resultar tamén prexudicial en caso de que, por calquera causa, se produzan problemas coincidentes no tempo.
 2. O ser un número elevado de aparellos (o contrato), os custes de desprazamento diminúen: Isto, que pode ser certo para o mantemento preventivo, non o é, senón ao contrario, para o mantemento correctivo.
 3. Implantación dun sistema de telecontrol para monitorizar os equipos en remoto: pode presentar vantaxes que podan derivar nun certo aforro de custes.
 4. Presentan un estudo de custes da súa proposta.
4. Á vista do anterior, a xuízo do que subscribe, coa documentación presentada considérase:
 1. Que a empresa THYSSENKRUPP xustifica a baixa realizada segundo se establece na cláusula 25 do PCAP e no apartado 16 do Anexo I do PCAP.

2. Que a empresa ORONA xustifica a baixa realizada segundo se establece na cláusula 25 do PCAP e no apartado 16 do Anexo I do PCAP
3. Que a empresa CUME24 **NON** xustifica a baixa realizada segundo se establece na cláusula 25 do PCAP e no apartado 16 do Anexo I do PCAP.
5. Á vista do anterior, proponse:
 1. Excluir do procedemento á oferta presentada pola empresa CUME24.
6. Nestas condicións, a avaliación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento, tendo en conta as ofertas presentadas, son:

	IMPORTES TOTAIS	TEMPO DE RESPOSTA	VEHÍCULOS	SISTEMA INFORMÁTICO	TOTAL
ORONA	35,55	17,14	10	10	72,69
THYSSENKRUPP	60	20	10	10	100

Tendo en conta o informe técnico de data 16/02/2021; a Mesa de Contratación Permanente, co voto favorable dos vocais asistentes, adoptou os seguintes acordos:

- REXEITAR a xustificación presentada pola empresa CUME24, S.L relativa á baixa temeraria no que incorre e, en consecuencia, EXCLUIR á referida licitadora do presente procedemento.
- ADMITIR as respectivas xustificacións que presentan as empresas THYSSENKRUPP ELEVADORES, SLU e ORONA, S. COOP., respecto do prezo temerario no que ambas incorren.
- PONDERAR e CLASIFICAR as dúas ofertas inicialmente admitidas no presente procedemento coa puntuación que se detalla no informe técnico municipal referido.
- REQUERIR da empresa THYSSENKRUPP ELEVADORES, SLU por ser o candidato que obtivo a mellor puntuación para a presentación de documentación, nos termos establecidos na cláusula 27 do PCAP; condicionando á adxudicación ao seu favor á presentación favorable de toda a documentación requirida nos pregos. Advertíndolle das consecuencias de non cumprimentar adecuadamente o requerimento no prazo concedido.

Remata a sesión. De todo o que, eu, secretaria DOU FE.

DILIXENCIA: *Unha vez aprobada a presente ACTA, na sesión da Mesa de Contratación Permanente celebrada en data 29/03/2021; asinan dixitalmente o Presidente e a secretaria na data que consta na sinatura dixital.*